



## Bio Úrsula Rial



Úrsula Rial comeza a súa formación artística aos 4 anos de idade enrolándose con Mestres do eido da música Tradicional Galega como Antón Corral ou no Conservatorio Profesional de Vigo, con quen dominou técnicas de afinación e interpretación da gaita galega, percusións e bailes.

No ano 2016 é pioneira en acadar o Diploma da Etrada de Vigo como Mestra de Música Folk e Tradicional na especialidade de requinta galega, escola na que actualmente é mestra substituta da especialidade, actividade que compaxina coas aulas que do mesmo instrumento imparte na A.C. O Fiadeiro ademais dos distintos obradoiros sobre flautas traversas que imparte pola Península.

Forma grupos musicais como Col&flor ou Estatalá, pensados para as danzas europeas, cos que toca para grandes bailes por toda a xeografía Galega. Dende o 2018 participa na creación do Estudo Musical As Gonzalinas de Lalín, no que colabora en Gravacións de discos como Linho do Cuco 3, Primeiros Bicos de Ataque Escampe ou Peixe de Xisco Feijoó. Traballa no espectáculo musical de Carlos Quintá, para A Fundación ABanca. Actualmente desenrola proxectos como Simbiose entre o baile e a música tradicional co músico e bailarín Artur Puga.